

Configuración da páxina

Ruta: Administrar > Configuración do sitio

Neste documento trataremos algúns dos aspectos máis importantes relativos á configuración da páxina ou sitio, desde a configuración de aspectos básico do núcleo de Drupal como pode ser a configuración de fuso horario e formatos de data e hora, ata a configuración de módulos que poden resultar moi útiles para dotar á web de certas funcionalidades.

O conxunto de enlaces que atoparemos nesta sección da administración dependerá dos módulos que teñamos activos e dos permisos por módulo que lle teñamos concedido ao rol do usuario actual.

A continuación vemos unha imaxe de exemplo coas distintas configuración que podemos atopar dentro de **Administrar > Configuración do sitio**:

Configuración do sitio

Axustar opcións básicas de configuración do sitio.

Accións

Xestionar as accións definidas para o seu sitio.

Alertas e diario

Opcións para módulos de rexistro y alertas. Varios módulos poden dirixir os eventos do sistema de Drupal cara a diferentes destinos, como o rexistro do sistema, bases de datos, email, ...etc.

Axuste da busca

Configura as opcións de relevancia para as búsquedas e outras opcións de indexación

Data e hora

Axustes de como Drupal mostra a data e a hora, así como o fuso horario predeterminado do sistema.

Eventos

Set up how your site handles events.

Ferramentas de Imaxe

Escoller qué xogo de ferramentas de imaxes usar se ten instalado outros xogos ferramentas opcionais.

Ficheiros cargados

Controlar como anexar ficheiros ao contido.

Formatos de entrada

Configura cómo se filtra o contido introducido polos usuarios, entre o que se inclúen as etiquetas HTML permitidas. Tamén permite a activación dos filtros proporcionados por outros módulos.

Idiomas

Configura os idiomas para o contido e a interface de usuario/a.

Images

Configure the location of image files and image sizes. Also, if enabled, configure image attachments and options for image galleries and image imports.

IMCE

IMCE

Controla cómo funciona o seu explorador de documentos.

Información do sitio

Cambiar información básica do sitio, como o nome do sitio, eslogan, enderezo de correo-e, misión, portada e máis.

Informe de erros

Controlar como se ocupa Drupal dos erros, incluíndo os erros 403/404 e a presentación de informes de erro de PHP.

Mantemento do sitio

Desactivar o sitio para mantemento ou reactivalo.

Perfis Wysiwyg

Configurar os editores do lado do cliente.

Rendemento

Activa ou desactiva a caché de páxinas para os usuarios anónimos e activa as opcións de optimización de ancho de banda dos CSS e JS.

Scheduler module settings

Allows site admins to configure scheduler.

Sistema de ficheiros

Dígalle a Drupal onde almacenar os ficheiros cargados e como se accede a eles.

Site map

Control what should be displayed on the site map.

SWF Tools

Settings to control how SWF Tools integrates with Adobe Flash related methods and tools like video players, MP3 players and image viewers.

Tema de administración

Axustes da aparencia das páxinas de administración.

URL limpos

Activar ou desactivar URLs limpas para o seu sitio.

Data e hora

Ruta: Administrar > Configuración da páxina > Data e hora

Selecciona o fuso horario por defecto.

Permite configurar as opcións para a visualización da data e hora, así como a zona horaria predefinida do sistema.

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración da páxina](#)

Data e hora

Configuración da localización

Fuso horario por defecto:
Europe/Madrid
Selecciona o fuso horario por defecto.

Fusos horarios configurábeis polos usuarios:

☐ Desactivado
☒ Activado

Cando está activada, os usuarios poden establecer o seu propio fuso horario e as datas móstranse conforme a el.

Primeiro día da semana:
Luns
O primeiro día da semana para as vistas de almanaque

Formato

Formato corto da data:
12/10/2013 - 14:26
Cómo se amosa a data cando está en formato corto.

Formato medio da data:
Mar, 12/10/2013 - 14:26
Cómo se amosa a data cando está en formato medio.

Formato longo da data:
Martes, Decembro 10, 2013 - 14:26
Cómo se amosa a data cando está en formato longo.

[Garda-la configuración](#) [Restaurar cos valores predeterminados](#)

Información do sitio

Ruta: Inicio > Administrar > Configuración da páxina

Desde este lugar poderemos acceder ás opcións básicas referidas á información xeral da páxina: nome da páxina, enderezo de correo, eslogan, misión, mensaxe de pé de páxina,...

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración da páxina](#)

Información da páxina

Nome: *

O nome deste sitio web.

Enderezo de correo-e: *

O enderezo *remite*nte en envíos automatizados de correo-e durante o rexistro e as peticións de novo contrasinal e outras notificacións. (Use un enderezo rematado co dominio do seu sitio para previr que este enderezo de correo sexa marcado como lixo.)

Eslogan:

O lema, eslogan ou frase vendedora do seu sitio (amosado frecuentemente xunto co título do sitio).

Misión:

A misión ou declaración de intencións do seu sitio (amosada frecuentemente de forma destacada na páxina inicial).



En "**Nome**" poñeremos aquel que consideremos adecuado: IES, CEIP, este nome será o que aparecerá no encabezado da nosa páxina.

Información da páxina

Nome: *

O nome deste sitio web.

En "**Enderezo de correo-e**" poñeremos o enderezo de correo electrónico do centro. A este enderezo chegarán as notificacións de sistema. É importante que sexa unha conta corporativa (*****@edu.xunta.es**) xa que, por motivos de seguridade, os servidores da Consellería non envían correos electrónicos a dominios que non sexan "edu.xunta.es".

Tamén podemos cubrir o campo **eslogan e misión** que dependendo do temas que esteamos utilizando poderá verse baixo o nome que teñamos elixido.

Eslogan:

O lema, slogan ou frase vendedora do seu sitio (amosado frecuentemente xunto co título do sitio).

Misión:

A misión ou declaración de intencións do seu sitio (amosada frecuentemente de forma destacada na páxina inicial).

Podemos aproveitar o slogan para indicar, por exemplo, a nosa localidade baixo o nome do centro ou un lema que teña o centro (*por exemplo: vivimos para aprender...*). Teremos que ter activadas estas posibilidades na configuración específica do tema (**Ruta:** Inicio > Administrar > Construción da páxina > Plantillas > Configurar)

Dende o Proxecto Webs Dinámicas temos configurado un pé de páxina que os centros deben respetar, o que non quere dicir que non se poida modificar.

Mensaxe de pé de páxina:

```
target="_blank" href="http://www.drupal.org"></a><a title="Drupal.org"
target="_blank" href="http://www.drupal.org"><br /><b>Feito con Drupal (ver. 6.28)</b>
</a></p></td><td>&nbsp;</td><td align="center"><p><a title="Webs Din&aacute;micas"
target="_blank" href="/centros/websdinamicas"></a><b><a title="Proxecto Webs
```

Este texto móstrase na zona inferior de cada páxina. Útil para engadir as condicións de uso e de distribución nas súas páxinas.

Podemos especificar o nome usado para identificar aos usuarios anónimos, consideramos que visitante é máis elegante que anónimo.

Usuario anónimo: *

O nome usado para identifica-los usuarios anónimos.

Por último tamén nos permite a configuración da páxina de inicio por defecto. Recoméndase [node](#) (sen comiñas). Por exemplo, na "semana da ciencia" poderíamos facer que a páxina de inicio fora a categoría que corresponde co departamento correspondente.

Páxina de inicio por defecto: *

A páxina de inicio mostra o contido desta URL relativa. Se non está seguro de qué ten que poñer, indique "node".

Se fixemos algún cambio dámoslle ao botón **Garda-la configuración**.

Mantemento do sitio

Ruta: Administrar > Configuración da páxina > Mantemento do sitio

Permite configurar a páxina web desactivándoa por cuestións de mantemento e volver a reactivala

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración da páxina](#)

Mantemento do sitio

Estado do sitio:

☒ Conectado

☐ Desconectado

Cando está definido como "Conectado", tódolos visitantes poden navegar con normalidade polo teu sitio. Cando o define como "Desconectado", só os usuarios con permiso para "administrar a configuración del sitio" pueden acceder ó seu sitio para realizar o mantemento. Tódolos demais visitantes verán a mensaxe de desconexión do sitio que configures debaixo. Os usuarios autorizados poden ingresar directamente durante o modo "Desconectado" dende a páxina [sesión de usuario](#).

Mensaxe de sitio desconectado:

A web do Centro está nestes intres baixo mantemento. Grazas pola súa paciencia.

[Mensaxe que se amosa aos visitantes cando o sitio está desconectado.](#)



Sistema de ficheiros

Ruta: Administrar > Configuración da páxina > Sistema de arquivos

Permite configurar en que cartafol se gardan os ficheiros subidos así como os temporais.

É altamente recomendable deixar estas configuracións en mans dos administradores do Proxecto Webs Dinámicas.

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración da páxina](#)

Sistema de arquivos

Ruta no sistema de ficheiros:

Unha ruta de acceso ao sistema de ficheiros onde se almacenarán os ficheiros. Este directorio debe existir e ser escribible por Drupal. Se o método de descarga se establece en público, este directorio debe ser relativo ao directorio de instalación de Drupal e ser accesible a través da web. Se o método de descarga é privado, este directorio non debería ser accesible a través de Internet. Cambiar esta situación vai a modificar todas as rutas de descarga e pode causar problemas inesperados nun sitio existente.

cartafol temporal:

Unha ruta de acceso ao sistema de ficheiros onde se gardarán os ficheiros durante as vistas previstas.

Método de descarga:

- ☐ Pública - os arquivos están dispoñibles usando HTTP directamente.
- ☒ Privado - os ficheiros son transferidos por Drupal

Elixa o método *descarga pública* a menos que desexes aplicar un control de acceso moi preciso sobre as descargas de ficheiros. Cambiar o método de descarga vai a modificar todas as rutas de descarga e pode causar problemas inesperados nun sitio existente.

Tema de administración

Ruta: Administrar > Configuración da páxina > [Plantilla](#) de Administración

Permite configurar que [plantilla](#) vaise utilizar na zona de Administración. Os usuarios administradores só verán esta [plantilla](#) cando entren en "Administrar" no [menú](#) "navegación". Mentres naveguen polos contidos da páxina verán a [plantilla](#) predeterminada para a páxina ou para o usuario.

Dende o Proxecto Webs Dinámicas solicitámosvos que teñades sempre seleccionada a Bluemarine xa que nos facilita o traballo canto temos que entrar nas páxinas dos centros a solucionar incidencias.

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración da páxina](#)

Plantilla da Administración

Plantilla da Administración:

Bluemarine

Elixa **qué** tema deben mostrar as páxinas de administración. Se elixe "Opcións predefinidas do sistema", as páxinas de administración emplean o mesmo tema que o resto do sitio.

☐ Empregar a plantilla de administración para a edición do contido.
Empregar a plantilla de administración cando se editan os contidos existentes ou cando se creen novos.

Garda-la configuración

Restaurar cos valores predeterminados

Themekey

Ruta: Administrar > Configuración do sitio > Themekey

Por esta ruta accedemos ao formulario de configuración do módulo **Themekey**. A función que proporciona este módulo é consiste en que podemos cambiar a plantilla coa que se visualiza a web en función da ruta á que se acceda, ou en función de outros parámetros como por exemplo o idioma.

Así, activando varias plantillas e establecendo unha configuración de bloques distinta para cada unha de elas podemos conseguir que dentro da nosa web pareza que haxa varias webs distintas. Esta funcionalidade é especialmente utilizada polos centros do proxecto Webs Dinámicas para a implementación de blogues de aula dentro da web do centro.

Neste documento non se pretende acadar unha descrición detallada de tódalas características e funcionalidades deste módulo e dos que veñen a el asociados (Themekey Debug, Themekey Features, Themekey UI), senón dar unha guía básica para comenzar a utilizarlo de xeito correcto.

Activación do módulo

O módulo *Themekey* non é un dos que se dan activos por defecto na creación de novos sitios do proxecto Webs Dinámicas, polo tanto o primeiro será activalo en *Administrar > Construción do sitio > Módulos*.

▼ ThemeKey			
Activado	Nome	Versión	Descrición
☒	ThemeKey	6.x-4.0	Map themes to Drupal paths or object properties. Requerido por: ThemeKey Debug (desactivado), ThemeKey Features (Experimental!) (desactivado), ThemeKey UI (desactivado)
☐	ThemeKey Debug	6.x-4.0	Debug ThemeKey Depende de: !dependencies
☐	ThemeKey Features (Experimental!)	6.x-4.0	Integrates ThemeKey with Features. Warning! Don't use in production! Highly Experimental! Depende de: !dependencies
☐	ThemeKey UI	6.x-4.0	Integrates ThemeKey with Drupal administration forms. Depende de: !dependencies

Configuración inicial do módulo

Imos ver agora algúns dos parámetros de configuración do módulo themekey que afectan ao seu comportamento, e que debemos revisar antes de empezar a traballar co módulo. accederemos para elo á *Administrar > Configuración do sitio > Themekey*, e ahí pincharemos na pestana *Axustes* donde temos a seguinte pantalla:

Inicio » Administrar » Configuración do sitio » ThemeKey

ThemeKey

Theme Switching Rule Chain Axustes

Configuración xeral

☐ Property drupal:path is case sensitive
Drupal paths are case-insensitive by default. Modules like Global Redirect might change this behavior.

☐ Provide all themes for selection
Make all installed themes available for selection, not enabled ones only.

☐ Force custom theme overriding
Select this option to force ThemeKey to set the custom theme. Otherwise, ThemeKey will set the custom theme only if it's not already set by a different module.
Note: If you activate this feature it turns off theme switching of some other modules like system (administration theme) or organic groups.

☐ Retain the theme until a new theme is set
Select this option to have users who are logged in stay in the same theme until they browse to a new page with an explicit theme set.

☐ Retain the theme until a new theme is set for anonymous users
Select this option to have anonymous users stay in the same theme until they browse to a new page with an explicit theme set.
Warning: This feature only works correctly if you turn off page caching or use a Drupal core that supports lazy session initialization like [Cocomore Drupal Core](#) or [Pressflow](#).

☒ Cron cleans up page cache
Select this option if ThemeKey should check rules containing time based properties when cron runs. ThemeKey will carefully clean up the page cache if necessary to provide the right theme to anonymous users automatically, e.g. a Christmas theme.

- *Property drupal:path is case sensitive.* Marcaremos esta opción cando precisemos distinguir rutas polas letras maiúsculas e minúsculas. Non se recomenda utilizar esta opción xa que a distinción de rutas por maiúsculas e minúsculas é moi confusa para os usuarios.
- *Provide all themes for selection.* Marcando esta opción, á hora de seleccionar o tema co que se visualizará unha ruta poderemos elixir entre todos os temas instalados e non só entre os que están activos. Non se recomenda utilizar esta opción, é mellor facer unha selección previa dos temas a utilizar e activalos.
- *Force custom theme overriding.* Se activamos esta opción, o módulo themekey encargarse en exclusiva do cambio de tema durante a navegación polo sitio, evitando que o núcleo de Drupal cambie ao tema por defecto ou ao tema de administración que estean configurados.
- *Retain the theme until a new theme is set.* Con esta opción marcada, cando abandonamos unha ruta que tiña definido un tema concreto, non se cambia o tema de visualización da web polo definido por defecto senón que permanece o tema anterior ata que visitemos outra ruta que teña definido explicitamente outro tema.
- *Cron cleans up page cache.* O módulo themekey permite a definición de regras de cambio de tema cun periodo de tempo de vixencia. Con esta opción, a execución do proceso cron de Drupal, limpiará da caché as páxinas cun tema para o cal a regra que o aplicou xa non está vixente.

Definición de regras para cambio de tema

Imos agora coa parte importante do módulo, a definición das regras según a cales se producirán os cambios de tema. Se accedemos a *Administrar > Configuración do sitio > Themekey*, e aí á pestana *Theme Switching Rule Chain* (Cadea de regras de cambio de tema) temos a seguinte pantalla:

[Inicio](#) » [Administrar](#) » [Configuración do sitio](#)

ThemeKey

Theme Switching Rule Chain [Axustes](#)

Gardáronse as opcións de configuración.

bluemarine is configured as the administration theme at [admin/settings/admin](#). This setting is more powerful than a corresponding ThemeKey rule.

For every page request Drupal steps through this Theme Switching Rule Chain until an activated rule matches or it reaches the end. If a rule matches, the theme associated with this rule will be applied to render the requested page.
To get an idea how to get started you might have a look at the [tutorials](#).

- ▶ [Exemplos](#)
- ▶ [Properties explained](#)
- ▶ [Operators explained](#)

[\[máis axuda...\]](#)

Theme Switching Rule Chain	Tema	Activado	Operación	Page Cache
+ drupal:path = blog/1 ?	Garland	☒	eliminar	
+ locale:language = es ?	Bluemarine	☒	eliminar	

Donde vemos a lista de regras definidas actualmente, na imaxe de exemplo hai dúas regras: a primeira di que cando se acceda á ruta *blog/1*, se aplique o tema *Garland*; a segunda di que cando o idioma de navegación sexa o Español (*es*), se aplique o tema *bluemarine*.

Para a denición dunha nova regra, ao final das existentes temos os controis necesarios para facelo, donde:

Theme Switching Rule	Tema	Activado
New Rule: book:bid =	=> Opcións predefinidas polo sistema	☒
Gardar a configuración		

- En primeiro lugar debemos elixir o tipo de regra os máis utilizados normalmente serán os seguintes:
 - *taxonomy:vid*. Se a igualamos ao identificador dunha categoría, todas as rutas que listen contidos publicados nos termos desa categoría, e os propios contidos serán visializadas con tema

seleccionado.

- *taxonomy:tid*. Se a igualamos ao identificador dun termo de categoría, a ruta *taxonomy/term/tid* e os contidos publicados nese termo visualizaranse co tema seleccionado.
- *taxonomy:tid_and_childs*. Como *taxonomy:tid*, pero tamén para todos os subtermos.
- *node:nid*. Se a igualamos ao identificador dun contido, ese contido se visualizará co tema seleccionado.
- *drupal:path*. Utilizaremos este tipo de regra para rutas que non encaixen con outro tipo de regra, e dicir, non a utilizaremos por exemplo para a ruta *taxonomy/term/25*, xa que para esta ruta a regra a utilizar sería *taxonomy:tid=25*.
- A continuación seleccionamos un operación de comparación, normalmente será a igualdade.
- Logo o valor para o que queremos que se aplique a ruta
- E por último seleccionaremos o tema que se debe aplicar cando a ruta visitado coincida coa comparación definida. O valor que se da por defecto "*Opcións predefinidas polo sistema*" refírese ao tema definido como tema por defecto so sitio.
- Temos ademais, tanto para unha nova regra coma para as que xa están definidas, un control **Activado** que permítenos desactivar unha regra se nun momento dado non queremos que se aplique.

Ordenación das regras

As regras definidas que estean activas forman unha cadea que se examina en orden de arriba a abaixo. Así cando o usuario accede a unha ruta dentro da web, o módulo themekey recorre a cadea de regras de arriba a abaixo ata que atopa unha regra que corresponde coa ruta accedida, entón provoca o cambio de tema para o tema definido nesa regra. Se chega ao final da cadea de regras sen atopar ningunha que corresponda coa ruta visitada, o módulo non fai nada.

É posible que unha ruta dentro da web corresponda con varias das regras definidas, nese caso aplicarase a regra que estea máis arriba na cadea. Por exemplo, coas dúas regras que vemos na imaxe anterior, según a primeira a ruta *blog/1* debe visualizarse co tema *Garland*, e según a segunda todas as rutas baixo o idioma Español, e dicir, da forma *es/*, deben visualizarse co tema *Bluemarine*. Entón está claro que a URL *http://www.edu.xunta.es/centros/CENTRO/blog/1* debe visualizarse co tema *Garland*; pero que pasa coa URL *http://www.edu.xunta.es/centros/CENTRO/es/blog/1*, pois que tamén irá co tema *Garland* por estar a regra *drupal:path* antes da regra *locale:language*, pero se cambiáramos a orde das regras poñendo primeiro a do idioma, a URL *http://www.edu.xunta.es/centros/CENTRO/blog/1* visualizárase co tema *Garland* xa que non cumpriría a regra do idioma e aplicaríase a da ruta, sen embargo a URL *http://www.edu.xunta.es/centros/CENTRO/es/blog/1* visualizárase con tema *Bluemarine* ao cumprir a primeira regra.

Podemos modificar a ordenación das regras pinchando na cruz á esquerda dunha regra e arrastrándoa ata o lugar desexado.

Reglas encadeadas

Existe a posibilidade de crear regras encadeadas de xeito que a segunda regra da cadea será comprobada só cando se cumpra a primeira. Isto permítenos refinar o criterio para a decisión de que tema aplicar en varios pasos sucesivos.

Para crear unha cadea de regras procederemos do seguinte xeito: creamos a primeira regra (non é preciso seleccionar un tema) e gardamos; creamos a segunda regra, gardamos e unha vez gardada, colléndoa pola cruz arrastrámola cara a dereita para que quede identada debaixo da anterior. Ao facer esto, o sistema intepreta que estamos a crear unha cadea de regras e elimina o control para seleccionar o tema de destino na regra anterior. Seguimos engadindo regras á cadea idetando cada unha dentro doutra anterior. Na última regra da cadea seleccionaremos o tema a aplicar. Podemos formar unha árbore de decisión con varias ramas, seleccionando o tema a aplicar en cada caso nas follas desa árbore. Ver exemplo no seguinte apartado.

Propiedades adicionais co módulo themekey_properties

Se ademais do módulo *themekey* activamos tamén o módulo *themekey_properties* dispoñemos dun conxunto maior de propiedades para a definición de regras. Por exemplo, algunhas das propiedades que nos ofrece este módulo permítenos cambiar de tema en función de cousas como o navegador de internet, ou sistema operativo do cliente.

Vexamos un exemplo que ven na documentación de axuda dos módulos *themekey* e *themekey_properties* que nos serve para ilustrar o funcionamento das regras encadeadas.

Se temos as tres regras encadeadas da seguinte imaxe, como será o comportamento do sistema respecto delas.

The image shows a configuration window with three rules defined in a list. Each rule consists of a variable, a comparison operator, a value, and a checkbox. The third rule also includes a theme selection dropdown and a 'borrar' (delete) button.

Variable	Operator	Value	Enabled	Theme	Action
system:user_browser_simplified	=	Mozilla Firefox	☒		
system:user_browser	>	Mozilla Firefox 3.0	☒		
system:user_browser	<	Mozilla Firefox 3.5	☒	Deco	borrar

Se o navegador do cliente que está visitando a web é o *Mozilla Firefox* cúmprese a primeira regra e entramos na cadea. Se ademais a versión do navegador *Firefox* é *maior* que a 3.0 cúmprese a segunda regra da cadea e pasamos a evaluar a terceira regra. Se a versión do navegador *Firefox* é tamén *menor* que a 3.5 cúmprese a terceira e neste caso última regra da cadea polo que se aplicará o tema seleccionado, Deco neste caso. En conclusión, con estas tres regras encadeadas definimos un tema particular para navegadores Firefox de versión superior á 3.0 pero menor á 3.5.

Autoría



Este contido está desenvolto no marco do "**Proxecto Websdinámicas**" pola **Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria** en colaboración coa **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Xunta de Galicia)**.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



- Este contido está elaborado coa ferramenta de software libre eXeLearning que pode descargar da páxina eXeLearning.net.
- Pertence aos materiais dos cursos impartidos no marco dos Plans de Formación do Profesorado. Pode acceder a estes materiais na [Aula Virtual Aberta do Proxecto Webs Dinámicas](#).
- Neste [enlace](#) pode acceder ao ficheiro fonte deste contido.
- Pode comunicar os erros atopados neste contido no [seguinte formulario](#).



Vostede é libre de compartir, copiar, distribuír, comunicar a obra, facer obras derivadas e facer un uso comercial desta obra baixo as condicións de atribución (Licenza: CC-BY-SA)

RECOÑECIMENTO de autores e recursos empregados: